



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 000 Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO	
REGISTRO XERAL	
16 NOV. 2012	
ENTRADA	SAÍDA
Núm. <u> </u>	Núm. <u>2857</u>

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o Alcalde con data dezaseis de novembro de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 358 / 2012

Data decreto: 16/11/2012

Descrición decreto: Nomeamento persoal laboral temporal xerocultor/ auxiliar de xeriatría por renuncia voluntaria.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a renuncia voluntaria presentada, con rexistro de entrada núm. 1878 de data 15/11/2012, pola xerocultora/ auxiliar de xeriatría Ana Belén Taboada Calvelo e, en consecuencia, a extinción do seu contrato de traballo con efectos en data 15/11/2012.

Vistos os movementos de bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de xerocultor/auxiliar de xeriatría creada por decreto nº 49/2012 de data 7/03/2012 e os escritos presentados polas candidatas que forman parte da bolsa:

Dna. Noelia Pena Garea con DNI nº 79334059K con entrada nº 1885 en data 16/11/2012 no que acredita que se atopa traballando, polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Dna. Inmaculada Concepción Quintela Carril con DNI nº 76519786M con entrada nº 1884 en data 16/11/2012 no que renuncia voluntariamente ao contrato de traballo que actualmente ten neste concello como auxiliar de axuda a domicilio programas cooperación e, en consecuencia, extinguese o seu contrato en data 16/11/2012.

Esta Alcaldía en uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatría a Inmaculada Concepción Quintela Carril con DNI 76519786M.

Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base oitava á presentación pola interesada de:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.
- Currículum actualizado con copia compulsada de todos os títulos.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 17/11/2012.



Boimorto dezaseis de novembro de dous mil doce

O Alcalde


Perante min:
A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 16 de novembro de 2012

Vº Pr.
O Alcalde



Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

